

Pontevedra e a camelia: historia dun romance

Mateo Fontán Couto

«Que todo el aroma, forma, color,
suave piel al tacto, valles, ríos y can-
ciones de Pontevedra quepan en una
camelia. Amén»
(Alvaro Cunqueiro)

A camelia é un deses tesouros a plena vista que Galicia posúe; chegou de fora, do afastado Oriente, pero xa é un símbolo que nos pertence e asumimos como noso. Fai séculos que esta belida flor veu a decorar os xardíns dos antigos pazos señoriais e os paseos das cidades. Actualmente orgánzanse máis de quince exposicións e concursos tendo como protagonista a denominada «flor das Rias Baixas». Porque sendo unha especie que está presente en toda a xeografía galega é precisamente nas Rias Baixas onde acadada unha maior presenza, favorecida por un mellor ambiente, conformando un inmenso e fermoso xardín. Sen embargo, podemos considerar a camelia como «Flor de Galicia», presente e louvada nas catro provincias.

O nome de camelia refírese tanto a árbore como á flor, e débese ao naturalista sueco Carl Von Linné que quixo homenaxear ao xesuíta e tamén naturalista Georg Josel Kamel. A súa orixe remóntase á Era Secundaria, existindo fósiles do Cretáceo. Ao xénero *camelia* –da familia *theaceae*– pertencen máis de 200 especies (*japónica*, *sinensis*, *sasanqua*, *reticulata*, etc.) e 30.000 variedades. As formas desta flor son varias: sinxela, semidobre, anómala, peonia, dobre incompleta, dobre formal imbricada e dobre formal hexagonal. Poden ser ou non ser olorosas. A cor dos pétalos na súa orixe foi a vermella; co labor dos xardineiros e amantes desta flor conseguíuse unha gama moi ampla: branco, rosa, xaspeado... ademais dos

auténticos «prodixios» de hibridación que se dan ata a actualidade. O certo é que a súa variedade atende a aspectos tales como o tamaño das flores; a forma, cor, tipo de marxe e olor dos pétalos ou a forma, cor, ápice e marxe das follas. Con respecto ao uso da camelia vai dende o ornamental, ata a elaboración de té, xa no século XVI, ou o cosmético e culinario a partir do aceite que dela se extrae.

Sobre finais do século XVI a camelia chega a Europa, nun primeiro momento en forma de té, elaborado a partir das follas da *C. sinensis*. No XVII esta bebida xeneralízase. No século XVIII os envíos fanse máis organizados debido a personaxes coma Cunningham, médico da English East India Trade Company. Así sabemos, grazas a unha ilustración, que en 1745 Robert James (8º Lord Petre) exhibe nos seus xardíns unhas das primeiras plantas de camelia que chegaron a Europa. Será Inglaterra o país que difunda o cultivo da árbore polo

continente. En 1804 novas variedades chegan da man da Sociedade de Horticultura de Londres a cal enviara colleiteiros a China. No ano 1820 a *C. reticulata* será introducida polo capitán Rawes, dende entón será coñecida como «Captain Rawes»; cara a 1850 Robert Fortune introducirá a primeira vermella dobre que empezaría a ser coñecida como «Flora Pleno», «Pagoda» ou «Robert Fortune». Xa en 1830 chega a Australia e dende 1940 novas variedades foron introducidas en EEUU e Nova Zelandia.

A fascinación actual pola camelia e as súas virtudes é mundial, reflectíndose na literatura, a arte ou a filatelia. Ademais existen numerosas sociedades en varios países adicadas ao seu estudo e divulgación.

A chegada da camelia a Galicia produciuse probablemente dende Portugal, concretamente dende a cidade de Porto, sen que poidamos concretar cando, aínda que expertos



Imaxe: www.depo.es

falan de momentos anteriores ao século XVIII. A mediados do século XIX xeneralízase e posuímos escritos de Colmeiro, Castro Pita, Cunqueiro ou Emilia Pardo Bazán, entre outros, referíndose e cantando á camelia. En 1858 na Exposición Agrícola, Industrial e Artística celebrada en Santiago de Compostela aparecerán dous expositores con camelias. No ano 1873 votou a andar a "Escuela Práctica de Agricultura" da provincia de Pontevedra. Dende finais do XIX a súa importancia medra moito debido a figuras clave como José Marqués Loureiro, introdutor de varias plantas e árbores, que levou a Vigo as máis antigas camelias do Parque Quiñones de León. Xa na segunda metade do século XX deixa de ser unha especie exótica na nosa terra para converterse nunha flor habitual dos xardíns e terreos tanto públicos coma privados. En 2006 é recoñecida oficialmente como «Flor de Galicia» e representante da nosa comunidade, ademais rexístranse varias marcas coma por exemplo «Camelia flor de Galicia».

Os solos galegos son moi aptos para a aclimatación desta especie: ácido, solto, rico en humus e con boa retención da humidade. Nas ladeiras do fondo das nosas Rías danse as condicións idóneas para o seu cultivo. Polo xeral o tempo de floración prodúcese en outono e inverno,

aínda que a súa follaxe mantense verde durante todo o ano. Destacan dúas especies de camelia en Galicia: a *japónica* e a *sinensis*. Pero poden verse outras especies ao longo da xeografía galega como no Pazo de Oca, onde existe un exemplar de *C. reticulata* considerado un dos máis antigos de Europa; exemplares de *C. sasanqua* pódense desfrutar visitando o Pazo de Torres Agrelo en Redondela. Así mesmo, unha suxestiva Ruta da Camelia percorre diferentes pazos e parques pola provincia de Pontevedra.

A relación da camelia con Pontevedra é a historia dunha flor que namorou unha cidade. As árbores repártense pola cidade e son moitas as referencias e actividades que pivotan arredor da venerada planta.


Xa quedou referida anteriormente a creación da "Escuela de Agricultura" na zona da Caeira no ano 1873. Existe unha factura de Xaneiro de 1876, descuberta por Antonio Odriozola, na que Marqués Loureiro mandaba á escola pontevedresa vinte e cinco variedades de camelias, especificando os seus nomes: *Alba plena*, *Peonia rubra*, *Colleti vera* e outras.

Son moi numerosos os lugares en Pontevedra onde podemos atoparnos con camelias: praza da Ferraría, rúa García Camba, xardíns do Dr. Enrique

Marcscot, xardíns de Vicenti, avenida de Fernández Ladreda, cemiterio de San Amaro, e moitos sitios máis. Un dos lugares máis destacados onde poder desfrutar destas admiradas flores son os xardíns da Deputación Provincial, ncles a especie máis representada e a *C. japónica* e, dentro desta, a considerada como «dama das camelias» a *Alba plena*.

Foi en 1890 cando a Deputación se traslada ao seu actual emprazamento. Os xardíns comézanse a construír en 1891, sería Alejandro Rodríguez Sesmero o encargado do proxecto do novo edificio, e quen elixise as plantas cun presuposto de mil pesetas para adquirilas e mais cen pesetas para trasladalas e instalalas. Entre xaneiro e febreiro de 1899 plántanse; pero as obras continuaran durante os anos seguintes, incluíndo varias remodelacións ao longo do tempo chegando ao seu aspecto actual en 1986. Pese a non coñecerse a procedencia das camelias e posible que chegasen de Portugal, dos viveiros da Real Compañía Hortícola-Agrícola Portuense, os cales foran creados a partir dos antigos viveiros de José Marqués Loureiro. Podemos diferenciar tres períodos de plantación. O primeiro a finais do século XIX ou principios do XX onde se traen a maioría de camelias; un segundo período a mediados do século XX e un último momento sobre 1984 para substituír exemplares que se atopaban en mal estado.

O primeiro concurso que se celebrou foi iniciativa do Gobernador Civil José González-Sama García en 1965 do 26 ao 28 de Febreiro. A «Camelia de oro» do premio recaeu en Antonio Martínez Pena cun exemplar de *C. escaolata mathotiana*. Acudiron ao evento autoridades de todo tipo. Organizouse un concurso de carteis e outro de escaparates. O Grupo Filatélico colaborou cunha exposición de selos de flores e acuarelas do





Monumento funerario a Antonio Odriozola no cemiterio de Lárez. Iraxxe: Mateo Fontán Couso

portugués Daniel Constant. Ao ano seguinte o concurso xa sería internacional. Dende entón xa pasaron XLIX edicións alternadas entre as cidades de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa. A Deputación de Pontevedra asume moito protagonismo na realización e mantemento destes concursos, ademais fomenta a elaboración de exposicións e fermosas publicacións onde se recollen numerosos traballos sobre a camelia dende o punto de vista histórico, botánico ou literario.

No ano 2014 Pontevedra acolleu o Congreso Internacional da Camelia en colaboración entre a Deputación e a Sociedade Internacional da Camelia e dentro do ano dual España-Japón. Foi o primeiro que se celebrou en España. Entre as actividades desenvolvidas fíxose unha exposición con obras de Alex Vázquez Palacios bautizada «Viaje de la camelia, de Oriente a las Rías Baixas».

Outra mostra importante realizárase do 10 ao 28 de febreiro en 2010, titulada «Visións da camelia»

onde once recoñecidos artistas plasmaron con pintura e ao seu xeito o que esta flor é capaz de transmitir.

O C.E.P. Campolongo celebrou neste ano de 2015 a súa XIII edición da Exposición da Camelia onde se realizan concursos e premios de flores entre os alumnos.

A Gala da Camelia del Albergue de Peregrinos organizada por a Asociación de amigos do Camiño Portugués a Santiago de Compostela é outra cita que ten coma protagonista esta flor en Pontevedra, soe estar complementada con exposicións e outras actividades; este ano alcanzou a súa XI edición.

En Lárez celébrase cada ano no mosteiro de San Salvador o Memorial Antonio Odriozola coa súa correspondente mostra de camelias. O certo é que non estaría completo un escrito sobre a camelia en Pontevedra sen referirse á figura do querido polígrafo Antonio Odriozola Pietas (1911-1987), verdadeiro «profeta» dos encantos da súa tan

querida flor, a cal sempre engalanaba a botocreira das súas chaquetas. Un home extraordinario de vasta cultura e sensibilidade que soubo gañarse a cidade que o acolleu tal e como fixo a súa amada camelia. Na súa tumba, no cemiterio de Lárez, un busto recorda a vinculación tan estreita coa flor á que tanto tempo adicou entre textos, cursos, conferencias, exposicións... A camelia que Don Antonio loce agora está feita en pedra, para non ser efémera; para ser eterna como o seu recordo. A el dedicóuselle a avenida antigamente denominada «das camelias», como non podería ser doutro xeito.

Ademais dos concursos, exposicións, mostras ou charlas a nosa cidade ofrece placas de rúas, un parque e urbanizacións que levan o nome da flor. Queda claro que Pontevedra non adopta a camelia, máis ben a cobiza, posúe un sentimento de namorado cara «a flor romántica de Galicia» tal e como a denominou Filgueira Valverde.

BIBLIOGRAFÍA

- BERNARDO BLANCO-DIÓS, J. / CASTRO GONZÁLEZ, A.: Pontevedra. As árbores da cidade, Concello de Pontevedra, Pontevedra, 2010.
- CARRERA, V.: «Las camelias que llegaron de Oriente». Los caminos de la memoria, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 1994, pp. 125-130.
- LÓPEZ TORRE, R.: «La semilla del concurso de la camelia». De vuelta y media, Faro de Vigo, 9 de marzo de 2014.
- OTERO LÓPEZ, J. C. / VELA FERNÁNDEZ, P.: Coñecendo a Camelia para nenos ata 6 anos, Deputación de Pontevedra, Vigo, 2007.
- ROZAS, R.: Visións da camelia, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2010.
- SALINERO, C.: Viaje de la camelia. De Oriente a las Rías Baixas (proyecto e ilustracións de Alex Vázquez Palacios).
- SANTORUM ARDONE, A.: Camelias de papel. Ensaio sobre camelias na literatura (ilustracións de Marcela Santorum Ardone), Diputación de Pontevedra, Pontevedra, 2001.
- WVAA: La camelia, Diputación de Pontevedra, Pontevedra, 1986.
- WVAA: «Homenaje a Antonio Odriozola», El Museo de Pontevedra, XLIV, Pontevedra, 1990.
- WVAA: La camelia, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2001.
- WVAA: La camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2004.